



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 7 de xaneiro de 2016**.

1.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de decembro de 2015.

2.- Concesión de licenza de inicio de actividade de “Planta de tratamento e valoración de residuos MARPOL, depuración de augas – sistema DAF”, no Muelle Norte (S-1.3) do Porto de Marín.

3.- Aprobación do proxecto básico e de execución da obra de “RESTAURACIÓN DA PONTE DE O CAMPO”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15).

4.-Toma en coñecemento das bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016.

5.-Toma en coñecemento das bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

6.-Toma en coñecemento das bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2016.

7.-Toma en coñecemento das bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017.

8.-Toma en coñecemento das bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

9.-Toma en coñecemento das bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.

10.-Toma en coñecemento da prórroga do Plan Urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais – 2014 (PUSIM/14)

11.- Rogos e preguntas. Non se formulan.